



FACULTADE DE FILOLOXÍA

ENQUISAS DE ELABORACIÓN PROPIA

Enquisa de satisfacción do estudantado co TFG

Grao en Lingua e Literatura Inglesas

(2020-2021)


Ficha técnica da enquisa

Deseño do cuestionario	Facultade de Filoloxía
Universo	Estudantado do Grao en Lingua e Literatura inglesas
Curso de realización	2020/2021
Forma de realización	Enquisa virtual
Traballo de campo	Facultade de Filoloxía
Número de cuestionarios cubertos	35


As porcentaxes deste documento están redondeadas.

Datos xerais


1. Que modalidade cursaches no teu grao?




2. Módulo complementario que cursaches?




3. Módulo optativo que cursaches?




4. En que oportunidade defendiches o TFG?



5. En que convocatoria defendiches o teu TFG?




6. Se non o defendiches na primeira convocatoria, que dificultade tiveches para non poder facelo na primeira?



Competencias desenvolvidas na realización do TFG

7. En que medida consideras que a realización do TFG che permitiu acadar as seguintes competencias?

(sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo")




8. Cres que habería que engadir algunha competencia máis que conseguiches coa elaboración do teu TFG? Cal?


0 respostas

Opinións sobre a realización do teu TFG


9. Expressa a túa opinión en relación co tempo dedicado a cada actividade (en cada unha delas aparece o tempo asignado a cada actividade na memoria do título de grao)



10. Se participaches na actividade "Obradoiros do TFG", resultouche útil?



11. Indica que actividades formativas realizaches en relación coa elaboración do TFG e en que nivel de intensidade.




12. Que outras actividades formativas cres que serían importantes e útiles para o estudiantado que ten que elaborar o TFG?


1	Un obradoiro acerca da exposición oral, xa que non temos datos suficientes á hora de facela
2	Viría moi ben saber como empezar a traballar, como unha orientación ao alumnado para motivalos a comezar co TFG, e saber exactamente por onde.
3	Facer ensaios dende primeiro de carreira e non so exames. Así practicamos máis á hora de escribir algo que se acerca ao TFG, aínda que sexan moitas menos palabras, dende o principio e non de repente.

4	Páxinas web fundamentais para atopar todo tipo de referencias bibliográficas
5	A realización de traballos e exposicións de carácter similar ás do TFG (aínda que máis curtos) para ter máis práctica e coñecer máis a que se están a afrontar.

13. Preferirías que o TFG fose unha materia coma as demais do grao (con horas de docencia impartida por profesorado da titulación)?



14. Preferirías outra alternativa en vez de ter que facer o TFG?




15. Que outra alternativa propoñerías en vez do TFG que fose importante para a túa formación académica e que avaliasse as competencias adquiridas ao final da carreira?


Unha materia coma as demais do grao na que facer unha exposición dun tema escollido sen ter que dedicarlle tantísimas horas.
Outra materia calquera, opción de escoller
Persoalmente creo que deberíamos ter un período de prácticas obrigatorio, encamiñado ao que queremos facer nun futuro (investigación, edición, docencia, tradución...)
Prácticas
Non modificaría o modelo traballo de fin de grao, pero si permitiría ao estudantado defendelo tendo unha materia pendente; pois penso que, que che quede unha, non é significativo. Ao meu parecer, esta debería poder recuperarse, nunha conxuntura como é a do último ano de carreira, nun prazo extraordinario (setembro, para non ter que cursar todo o ano enteiro por unha materia).

Dedicación do/a titor/a

16. Na túa opinión, o tempo de dedicación do/a titor/a que marca a Normativa da Programación académica anual do curso 2020-2021, 10 HORAS DE TRABAJO, é:




17. Consideras que as reunións presenciais ou virtuais que tiveches co/a teu/túa titor/a foron




Información proporcionada polo centro

18. Valora a túa satisfacción cos seguintes aspectos relacionados coa información proporcionada sobre o TFG polo centro.
(sendo 1 "nada satisfeito" e 5 "moi satisfeito").




19. En caso de que consideres que a información proporcionada polo centro é insuficiente ou non é de utilidade, cal é o motivo?
(marca unha ou varias).




Crise da COVID-19 e novo sistema de avaliación


20. Indica que sistema de avaliación escolliches.



21. Influíu a crise da COVID-19 no resultado final do teu TFG?



22. Estás de acordo co sistema de avaliación dos TFG provisional para este curso no que se dá a posibilidade de escolla de titor/a con defensa (nota máxima 7) ou tribunal (nota máxima: 10 puntos)?




23. Que opcións propoñerías en lugar da existente? Indica as razóns para preferir as opcións que menciones.

Que o titor/a tamén puidese aportar na nota do tribunal.
Aínda que eu escollín a opción do tribunal, non me parece xusto que a avaliación do titor sexa máximo un 7. Hai que ter en conta que o titor, aínda que nos veu traballar e sabe o que fixemos ao longo do curso, é unha persoa que sabe moito sobre o noso tema. A avaliación pola súa parte é mais adecuada aos contidos.
A nota máximo ante o titor debería ser maior. Hai outras facultades nas que é un máximo de 7,5 ou 8.
Que te avalíe o titor ó 100%, non entendo o porqué de solo optar a un 7.
unha combinación do titor e o tribunal sería axeitado.
Preferiría que houboese unha opción cunha nota maior para presentar fronte ao/a titor/a porque resulta moi baixa e máis xente podería tomar ese camiño se se ve insegura ante un Tribunal.
Polo menos deixar a opción de anos anteriores nos que a nota máxima era de 8
Penso que debería haber tres opcións: en primeiro lugar a avaliación do 100% polo titor, en segundo lugar a avaliación do 100% do tribunal, e en terceiro lugar unir as dúas primeiras cun porcentaxe do titor de 40% e do 60% do tribunal. Non me parece xusto que o titor só poda dar un 7 como máximo cando realmente é a persoa que mais sabe do tema xa que escollemos o titor en base ao seu control sobre o noso TFG.
Preferiría que se puidese defender ante titor podendo optar a unha maior nota porque os estudantes con enfermidades mentais existimos e queremos poder defender o noso traballo nunha atmosfera menos estresante


Satisfacción global na realización do TFG

24. En que medida estás de acordo coas seguintes afirmacións?

(sendo 1 "nada de acordo" e 5 "moi de acordo").



25. Consideras que a realización do TFG foi útil para a túa formación?



26. Indica por que respondiches SI ou NON na pregunta anterior.

- Paréceme que o TFG é unha traba máis para conseguir o título. É un traballo con unha exposición no que te xogas directamente o feito de poder graduarte ou non.
- Mellora na busca de información e capacidade de síntese, así como a mellor comprensión dun tema concreto
- Porque foi un tema que escollín eu e que non se trata apenas no Grao.
- Porque considero que é importante darnos a posibilidade de investigar a realizar un traballo propio, xa que penso que indica máis da nosa traxectoria na carreira que un exame final.
- Considero que foi unha forma de profundar nun tema de interese persoal e ampliar horizontes que quizais levarán a un futuro profesional.

Puiden ampliar coñecementos.
Realmente en cuanto a la carrera no aprendí nada, ya que mi tema no lo tocamos durante ella, en cuanto al tema si que aprendí. Además, también aprendí a seleccionar información y redactarla.
A realización do meu TFG foi moi útil para reforzar o traballo autónomo e para aprender técnicas de investigación.
Ampliou os meus coñecementos e opinión crítica para o futuro
Aprendín e ampliei coñecementos que doutra forma non tivera adquirido.
Porque me deu a oportunidade de investigar un tema que me interesaba e non tivera a ocasión de dalo na aula antes e tamén me deu experiencia na realización dun escrito académico de máis nivel.
xa que no resto do grao non cursei ningunha materia que requirira a realización dunha redacción minimamente parecida á do TFG, facer o TFG en si axudoume a aprender a realizar ensaios deste calibre.
Aprendín moito acerca da realización de ensaios académicos.
Porque aprendín a xestionar tempo e recursos bibliográficos a maior escala, dunha maneira que non fixen durante toda a carreira. Tamén é de dicir que por non facer nada similar, ou poucas cousas similares ao TFG faise un traballo máis duro e pesado, por non saber ata o momento como xestionar o tempo nin como tratar un texto de tal extensión.
Si, porque me ensinou moito no campo que eu escollín e aprendín a traballar pola miña conta.
Creo que realizar un TFG axúdanos a ver que podemos facer máis do que cremos. Que somos capaces de expresarnos e que somos capaces de escribir mesmo cando ao principio pode parecer que nunca chegaremos a ese mínimo de palabras, logo dámonos conta de que chegamos de sobra. Tamén considero que o feito de presentar ante o tribunal nos pode ser útil no noso día a día ao defender o que cremos e expresarnos o máis correctamente posible.
Escribir el TFG me ayudó a darme cuenta de lo mucho que realmente sé, porque antes sentía que estaba acabando la carrera sin haber aprendido lo suficiente.
Ao atopar moita bibliografía aprendín sobre distintos temas relacionado co meu TFG
Creo que o TFG só indica que sei facer un traballo con unhas normas APA e con un corpo de texto específico.
Porque aprendín dun tema que me acudirá no meu futuro profesional do que non houbera aprendido na carreira
Mi TFG me permitió adentrarme en el mundo de la traducción, empujándome a continuar mi formación en esta área hasta tal punto que este año voy a realizar un máster de traducción.
Respondín non porque non fun quen de redactalo dadas as miñas patoloxías mentais.
Porque paréceme un método de avaliación moito máis persoal e adecuado que a realización de exames finais.
ayudó a complementar los conocimientos que había adquirido y a poner en práctica la expresión escrita y oral
Permitiume profundar máis nun tema que me parecía interesante así como mellorar a miña redacción e uso da lingua.

27. A continuación engade calquera comentario que consideres pertinente sobre a realización do teu TFG.

Moito esforzo pouco reflectido na nota. Sinto que todas as horas dedicadas ao TFG foron en vano, xa que podería ter sacado a mesma nota esforzándome menos.

Os tribunais deberían ter máis en conta o informe do titor. Por outra banda, deberían asignarse tribunais que fosen máis afíns ao tema do TFG e non uns que non controlan nada do tema (ex. Expoñer un TFG de literatura ante un tribunal de lingüística pode ser prexudicial).

Opinión sobre o tribunal que me avaliou. Primeiro, a profesionalidade na defensa só se mostrou pola miña parte, xa que por parte do presidente do tribunal Francisco X. Polo, brillou pola súa ausencia (por momentos, mais non constantemente). Considero que empregar palabras como “What the hell is ... doing ...?” é totalmente inaceptable por parte do presidente dun tribunal de avaliación. Ademais, con comentarios coma “Coñézote desde fai 4 anos e este traballo é moi decepcionante” paréceme un xuízo moi subxectivo e persoal como para dicilo diante doutras dúas persoas, unha de elas que nin sequera me coñecía. En xeral, penso que os comentarios ditos por esta persoa e o tipo de comentarios que se me fixeron foron dun carácter moi persoal, e só uns por os de tipo académico. Gustaríame que quedase constancia da miña queixa e a falta de mente aberta á hora de vulgar un traballo que non segue a canon a que algúns profesores están acostumados. Os tempos cambian, e tamén as formas de escribir. Un erro é unha crítica aceptable, mais unha queixa persoal de preferencia non. Totalmente desencantada con este tribunal, penso que debería reformularse esta composición.


Penso que se debería controlar máis a axuda que se presta do titor ao alumnado, xa que hai casos nas que os docentes nin miran ao TFG que supervisan e o/a alumno/a pode chegar a sentirse bastante só neste proceso tan difícil.

Creo que o traballo que facemos co TFG tamén depende moito do titor que nos toque. O titor pode marcar o teu estado de ánimo, pode axudar máis ou menos, pode axudarche a sacar o mellor de ti e pode non so corrixir, senón tamén animar. Ademais, por suposto, o tipo de TFG tamén depende moito xa que uns poden ser máis tediosos que outros. Non é o mesmo traballar con literatura, que con lingua, que con sintaxe e facer un traballo de corpus ou outro máis enfocado á investigación, etc.

En este caso no me remito solo a mi experiencia sino también a la de otros compañeros, creo que debería controlarse más la cantidad de alumnos que se asigna a cada tutor según las responsabilidades que este tiene, el TFG es un proceso nuevo para los alumnos por lo que se debería garantizar que los tutores no tengan más alumnos de los que puedan atender.


Competencias desenvolvidas ó longo dos teus estudos de grao

- 28. En que medida consideras que nos teus estudos de grao acadaches as seguintes competencias xerais recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Inglesas?**
(sendo 1 “nada de acordo” e 5 “moi de acordo”).



29. En que medida consideras que nos teus estudos de grao acadaches as seguintes competencias específicas recollidas na Memoria para a verificación do título de Grao en Lingua e Literatura Inglesas?

(sendo 1 “nada de acordo” e 5 “moi de acordo”)




30. Cres que faltaría algunha competencia por engadir? Cal?

Penso que están todas.


Non.

31. Realizaches algunha mobilidade/estadía noutra universidade? De que tipo?




32. Se NON a realizaches, a que se debeu?

(Marca unha ou varias opcións).



33. Realizaches a materia Prácticas en empresas?



34. Se NON a realizaches, a que se debeu?

Non me interesaba.
Teño entendido que a cantidade de traballo que se esixe nas prácticas é desorbitadamente maior que a dunha materia..
Motivos persoais
Non atopei ningunha oferta que se adaptase aos meus intereses individuais.
Carencia de opcións atractivas.
Requirían moito tempo e o horario non era adecuado.
No me llamaban la atención
Falta de tempo
Non me chamaban a atención as ofertas.
Xa estaba traballando polas tardes e non podía permitirme deixalo traballo para realizar as prácticas

⌋(•.•)⌋
Falta de tempo e desinformación
Non me interesaba
Non me interesaban as prazas ofertadas.
Pensei que non había tantas oportunidades para facelo na carreira e si no master.
Comentáronme que ten unha carga de traballo moito maior que calquera materia.
Non me parece que se motive ou informe adecuadamente
Non había unha oferta moi ampla que resultase de interese para min
Horarios pouco compatibles
no me atrae
Paréceme que hai moi pouca variedade de oferta para o grao.